

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E ATENCIÓN ÁS SÚAS VÍTIMAS.

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndenlle a función de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo ten entre os seus fins a atención e acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, contribuíndo a garantir o dereito á asistencia social integral que o artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; e a busca da eliminación total de dita violencia e a mobilización da sociedade para lograr os cambios necesarios.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo para o financiamento das accións sinaladas, cuxo principal obxectivo é brindar apoio ás vítimas de violencia de xénero ao longo do proceso, entre outras das seguintes actuacións:



- Acompañamento a todos os trámites que precisen: trámites legais, xudiciais e policiais, puntos de encontro, recollida de enseres, acompañamento individualizado na busca de emprego, información, orientación e asesoramento socio-laboral.
- Atención psicolóxica individualizada: sesións individuais de atención psicolóxica.
- Asesoramento xurídico centrado fundamentalmente en: dereito penal e dereito civil.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un acompañamento especializado a través de persoas con formación e coñecemento específico da violencia machista, de xeito gratuíto e voluntario.

Aínda que o seu traballo se centre en Vigo, é a única asociación en Galicia que dende o ano 1998 traballa no *acompañamento* ás mulleres en procesos de violencia de xénero así como na formación en igualdade e na denuncia social dun xeito que abrangue unha intervención total no eido da violencia de xénero.

Desde o eixe principal que é o *acompañamento social* (en termos da propia asociación) lévanse a cabo as seguintes actuacións:

- Acompañamento a todos os trámites que precisen: trámites legais, xudiciais e policiais, puntos de encontro.
- Información, orientación e asesoramento sobre os recursos e prestacións existentes dirixidos a mulleres.
- Acollemento e/ou realización de intervencións sociais en situacións de crise/urxencia.
- Asesoramento xurídico centrado fundamentalmente en: Dereito penal: Denuncias e procesos por delitos de malos tratos habituais, maltrato familiar e de xénero, lesións, ameazas, vexacións, delitos contra a liberdade e indemnidade sexual,



medidas cautelares e o seu quebrantamento e Dereito Civil: Fundamentalmente en materia de familia. Separación e divorcio, liquidación do réxime económico matrimonial, execución e modificación de convenios reguladores ou sentenzas sobre medidas civís de custodia e patria potestade, execución e incumprimento de sentenzas.

- Cooperar e facer de intermediaria cas avogadas/os designados/as para os procedementos xudiciais, xa que os episodios de violencia vividos poden provocar nas mulleres dificultades para expresarse, ou de comprensión, que sumado á terminoloxía xurídica e aos complicados trámites procesuais crean grandes dificultades de entendemento entre as mulleres e os seus letrados /letradas.
- Coordinar o acompañamento do voluntariado a dependencias policiais, xudiciais e a outros recursos.
- Atención psicolóxica individualizada: Sesións individuais de atención psicolóxica que poden ser solicitadas polas propias usuarias ou sendo derivadas polo resto do persoal do proxecto.
- Intervención dende o traballo social.
- Servizo de reincorporación laboral.

Polo tanto, a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, é a única asociación en Galicia que realiza un programa de prevención fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas de asistencia e acompañamento integral multidisciplinar con mulleres en procesos de violencia así como o desenvolvemento de proxectos que abranguen a súa reincorporación psicosocial desde a área psicolóxica, física e social tanto pola experiencia, coñecemento e especialización das profesionais das que dispón, especificamente no campo da violencia de xénero, como pola dilatada experiencia que acredita no trato con vítimas desta violencia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

